



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

MANUAL DE COLABORACIÓN CIDADÁN

ELIMINACIÓN DE RAÍÑAS

IMPORTANCIA: é imprescindible a eliminación das raíñas porque representa un niño menos e o necesario freo na praga da vespa velutina.

ÉPOCA: de principios de marzo a principios de xuño.

TRAMPA: a facilitada polo concello; tamén se poden fabricar trampas caseiras cunha botella de plástico con 2 buratos de acceso lateral.

LUGAR DE COLOCACIÓN: colgada a media altura dunha árbore florida atraente, tipo camelias, limoeiros, etc

LÍQUIDO: o entregado polo concello; pódese elaborar de xeito caseiro coa seguinte composición: - 1 litro de zume de arando

- 1/2 litro de viño branco
- 4 culleradas de vinagre (preferentemente de mazá)
- unha gota de deterxente

O recheo de líquido farase ata unha altura de 10-15 cm; o líquido restante gárdase na neveira para reposicións nas trampas cada 15 días.